



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 3/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a trinta e un de marzo de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.

Non asiste:

- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 24 de febreiro de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que aprecia no Punto cuarto da orde do día que se omiten no debate as intervencións seguintes:

Folla nº 9

Onde di:

.../...

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que chegou fai unha semana.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que tiveron as Comisións Informativas, teñen maioría.

.../...

Debe dicir:

.../...

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que chegou fai unha semana.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que tiveron as Comisións Informativas, teñen maioría.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as Comisións informativas convocáronse o martes pasado, se chegou o xoves pasado non se podía ter metido na Comisión Informativa. Centrémonos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que se puido ter posto por urxencia.

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 24 de febreiro de 2022, resultou aprobada por maioría de doce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Iglesias Vieites.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do Informe anual de morosidade esixido polo artigo 12 da lei 25/2013 de factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas elaborado pola Intervención municipal con data 28/03/2022. Das facturas que tiveron entrada no 2021 a 31 de decembro o seu estado era o seguinte. Facturas recibidas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

2022. Rexeitadas 136. Anuladas 10. Rexistradas no Rexistro Contable de Facturas 15. Contabilizada a obriga recoñecida 14. Pagadas 1847. Os períodos medios de pago trimestrais: 1º trimestre 2,79 días, 2º trimestre 3,03 días, 3º trimestre 1,25 días e 4º trimestre 1,24 días.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, Nº 302/2022, DE DATA 08/03/2022, CORRECCIÓN ERRO EXISTENTE ACORDO DO PLENO DE DATA 27/01/2022, (POS+ AD1 - GASTOS SOCIAIS) SOLICITUDE PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022 (APARTADO C).

Visto o requirimento da Deputación Provincial de subsanación da solicitude efectuada polo Concello de Ordes, Convocatoria: POS+AD1-G.SOC. SOLIC/2022: (POS+AD1-GTO SOCIAL - SOLICITUDE/ 2022) POS+Adicional 1 - Gastos sociais extraordinarios. Solicitude xeral.

Visto o erro existente no acordo do Pleno, de data 27/01/2022, apartado c) Solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello.

Visto que a contestación ao requirimento de subsanación da documentación requirida debía realizarse no prazo de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao da data de aceptación da notificación, considerándose en caso contrario que o Concello de Ordes desiste da súa petición (art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP).

Visto o Decreto da Alcaldía resolución nº 302/2022, de data 08/03/2022, polo que se corrixe o erro existente no acordo do Pleno, de data 27/01/2022, apartado c) Solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios:

Onde di:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
--------------------------------	--------------------------	---	---



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

	(A)	(B)	(A-B)
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	441.000,00 €	323.400,00 €	58.800,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	521.300,00 €	323.400,00 €	139.100,00 €
TOTAL	525.300,00 €	323.400,00 €	143.100,00 €

Debe dicir:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	441.000,00 €	323.400,00 €	117.600,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	521.300,00 €	323.400,00 €	197.900,00 €
TOTAL	525.300,00 €	323.400,00 €	201.900,00 €

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 28/03/2022.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de doce votos a favor (8 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 1 grupo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Ratificar o Decreto da Alcaldía resolución nº 302/2022, de data 08/03/2022, polo que se corrixe o erro existente no acordo do Pleno, de data 27/01/2022, apartado c) Solicitud de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial.

4. RECOÑECEMENTO INDEMNIZACIÓN POR GASTOS EFECTIVOS OCASIONADOS NO EJERCICIO DO CARGO.

Vista a solicitude presentada por Manuel Regos Boquete, con DNI 76331293C, de recoñecemento do dereito de indemnización de gastos de defensa xurídica nos procedementos: Procedemento Abreviado nº 355/2015 (Dilixencias previas nº 355/2015) perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Ordes, por presunto un delito continuado de prevaricación administrativa do artigo 404 do Código Penal, transformado posteriormente en Procedemento Abreviado nº 13/2020, e perante a Audiencia Provincial da Coruña (Sección 1ª) (**Expdte. 2022/X998/000027**).

Visto o informe xurídico da Secretaría Xeral, de data 22/03/2022, que se transcribe a continuación:

“**Asunto:** Indemnización membro da Corporación de gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo (**Expdte. 2022/X998/000027**).

ANTECEDENTES:

1.- O Sr. Manuel Regos Boquete exerceu o cargo, con dedicación exclusiva, de Alcalde-Presidente do Concello de Ordes nos períodos 2007-2011, 2011-2015.

2.- Con data 21/01/2022, Manuel Regos Boquete, con DNI 76331293C, presentou solicitude de recoñecemento do dereito de indemnización de gastos de defensa xurídica nos procedementos: Procedemento Abreviado nº 355/2015 (Dilixencias previas nº 355/2015) perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Ordes, por presunto un delito continuado de prevaricación administrativa do artigo 404 do Código Penal, transformado posteriormente en Procedemento Abreviado nº 13/2020, e perante a Audiencia Provincial da Coruña (Sección 1ª), coa documentación seguinte:

- Factura pro forma e xustificante de pagamento correspondente á avogada Eudoxia Neira Fernández pola asistencia letrada no PA 355/2015 perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Ordes, por importe de **3.853,85 euros**.
- Factura e xustificante de pagamento correspondente ao avogado Xoán Antón Pérez-Lema López, pola dirección letrada perante a Audiencia da Coruña (Sec.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

1ª), no PA nº 13/2020, derivado do PA 355/2015, por importe de **3.803,33 euros**.

- Factura de provisión de fondos e factura final, e xustificante de pagamento, correspondentes á procuradora Eva María Tomé Sieira intervinente no P.A. 355/2015 perante Xulgado de Instrución nº 2 de Ordes e, posterior, no P.A. nº 13/2020 perante a Audiencia da Coruña (Sec. 1ª), por importe por ambas facturas de **309,52 euros**.

Importe total de gastos de defensa xurídica de 7.966,70 euros.

3.- Con data 17/02/2022 Manuel Regos Boquete, no trámite de subsanación da solicitude (art. 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro – LPACAP) de indemnización de gastos de defensa xurídica, aporta factura correspondente ao avogado Gonzalo Castro Prado, pola asistencia letrada no P.A. 355/2015 perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Ordes, por importe de 3.853,85 euros, que substitúe á factura da avogada Eudoxia Neira Fernández.

4.- Sentenza nº 244/2021, de data 16/06/2021, da Audiencia Provincial da Coruña (Sección 1ª), Procedemento Abreviado 13/2020, cuxo fallo sinala: “ABSOLVEMOS LIBREMENTE ao acusado MANUEL REGOS BOQUETE do delito continuado de prevaricación administrativa que se lle imputa pola Acusación Popular, declarando as costas de oficio. A presente resolución non é firme e contra a mesma cabe interpoñer RECURSO DE CASACIÓN no prazo de cinco días”.

4.- Auto, de data 15/10/2021, da Audiencia Provincial da Coruña (Sección 1ª), P.A. 13/2020, declarando a firmeza da sentenza nº 244/2021, de data 16/06/2021, contra a que non cabe recurso algún, procedendo o arquivo das actuacións.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

A) Órgano competente.

A competencia para recoñecer a indemnización polos gastos efectivos ocasionados durante o exercicio do cargo, e por tanto autorizar pago dos honorarios de avogados e procurador do ex Alcalde do Concello de Ordes, Sr. Manuel Regos Boquete, é do Pleno Municipal en virtude do establecido no art. 75.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) e art. 13.5 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

B) Exame da pretensión formulada na solicitude de indemnización dos gastos efectivos ocasionados durante o exercicio do cargo (reintegro das minutas de honorarios profesionais por asistencia xurídica):

Primeiro.- Dereito á defensa xurídica das autoridades e do persoal ao servizo das entidades locais.

A partir da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, hoxe do seu Texto Refundido, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, recoñécese, no seu artigo 14. f), por primeira vez



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

con carácter xeral o dereito á defensa xurídica do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Hai que lembrar que o Texto Refundido do Estatuto Básico dos Empregados Públicos é de aplicación ao persoal funcionario e no que sexa procedente, ao persoal laboral ao servizo da Administracións das entidades locais de conformidade cos arts. 2.1 e 3.1 da norma.

Pola súa banda, o artigo 141.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local estableceu o deber das Corporacións locais de dispensar aos seus funcionarios a protección que requiría o exercicio dos seus cargos.

Segundo.- Indemnizacións dos membros das Corporacións Locais polos gastos realizados no exercicio do seu cargo.

O artigo 75.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) dispón que “Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno corporativo”.

Pola súa banda, o artigo 13.5 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) dispón que “Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que neste sentido aproba o Pleno corporativo”.

A natureza desta percepción económica é a de compensar ou resarcir aos membros das entidades locais polos gastos que o exercicio dos seus labores corporativos prodúzanlles.

Por outra banda o artigo 78.1 LBRL indica que “Os membros das Corporacións Locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades esixiranse perante os Tribunais de Xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento ordinario aplicable”.

En base aos preceptos citados, doutrinal e xurisprudencialmente recoñeceuse o dereito dos concelleiros a que se lles abone polo Concello os gastos da súa defensa xurídica, cando a mesma prodúzase por feitos ou omisións realizados no exercicio dos seus cargos e o resultado sexa absolutorio.

Neste caso concreto, ao tramitarse os procedementos, P.A. 355/2015 e P.A. 13/2020, unha vez que o Sr. Manuel Regos Boquete, cesase no cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Ordes e solicítase o recoñecemento do dereito de defensa xurídica, tivo que recorrer á contratación de avogados e procurador externos e unha vez absolto do delito de prevaricación administrativa, presentar para o pago, as minutas profesionais devindicadas por aqueles.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Consta no expediente que o reclamante xa realizou o pago á conta dos seus avogados e procurador, logo os gastos xa se teñen producido e pagados polo exalcalde.

A factura pro forma presentada pola avogada Eudoxia Neira Fernández, ao non reunir os requisitos establecidos no art. 6 R.D. 1619/2012, de 30 de novembro, foi substituída pola factura expedida polo mesmo concepto e importe polo avogado Gonzalo Castro Prado, co mesmo número de conta para o seu abono.

Terceiro.- Xurisprudencia sobre este tema.

Esta problemática foi analizada pola xurisprudencia, en especial pola Sentenza do Tribunal Supremo do 4 de febreiro de 2002, que resolveu un recurso de casación fronte á STSX de Madrid do 20 de maio de 1995 que estimou o recurso contencioso contra a resolución municipal que asumía o abono, con cargo a fondos públicos municipais, de gastos de defensa xurídica dos concelleiros. Estima o recurso e casa e anula a sentenza declarando procedente o acordo municipal.

"Expón este recurso de casación a cuestión relativa a se os gastos de defensa e representación dos cargos públicos locais derivados da súa imputación en causas penais por causas derivadas do exercicio das súas funcións poden ser considerados como gastos indemnizables pola Corporación a que pertencen. (...)

Interpretando estes preceptos, (o artigo 75.4 LBRL e o artigo 13.5 ROF) a xurisprudencia desta Sala declarou que o artigo 13 do Regulamento Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, que desenvolve o réxime de retribucións e indemnizacións da Lei de Bases do Réxime Local, non pode, por esixencias do principio de xerarquía normativa, interpretarse nun sentido que resulte contrario, restrinja ou limite as previsións legais do reiterado artigo 75 Lei de Bases do Réxime Local, e que a noción xurídica do concepto utilizado pola Lei comprende ou resarcimento de calquera dano ou prexuízo, tanto por gasto realizado, como por unha ganancia deixada de obter como consecuencia do traballo ou dedicación que impida a obtención doutro ingreso durante o tempo que se dedica ao desempeño do cargo na Corporación, e, mesmo por diminución da dedicación posible á propia actividade particular (sentenzas do 18 de xaneiro de 2000, recurso de casación número 1764/1994 e 10 de xullo de 2000, recurso de casación 7791/1994).

É destacable na segunda das resolucións citadas, a declaración que enlaza o principio constitucional de autonomía local coa facultade de sinalar as retribucións e indemnizacións dos seus membros dentro os límites derivados do citado artigo 75 da Lei de Bases do Réxime Local.

Tratándose de gastos de representación e defensa nun proceso penal, a Corporación pode, en uso da autonomía local, consideralos como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo, sempre que non concorran circunstancias que obriguen a cualificalos como gastos realizados en interese propio ou a favor de intereses alleos ao xeneral da entidade local.

Para iso é necesario que se cumpran as seguintes esixencias:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

a) Que fosen motivados por unha inculpación que teña a súa orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables á súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta. Estes gastos debe entenderse, en principio, que se trata de gastos xerados con ocasión do exercicio das súas funcións, pois a causa remota da imputación penal radica nunha conduta destas características.

b) Que dita intervención non fose levada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder ou en converxencia con intereses particulares propios dos interesados ou do grupo político ou doutra índole ao que pertencen susceptibles de ser discernidos dos intereses da Corporación, pois en tal caso a actuación non pode considerarse como propia do exercicio da función, senón como realizada en interese particular, aínda que externa ou formalmente non sexa así.

c) Que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito. De contraerse responsabilidade criminal non pode entenderse que a conduta realizada o fose no exercicio das súas funcións, senón abusando delas. De non probarse a falta de participación en feitos penalmente reprochables, aínda cando concorran causas subxectivas de exención ou de extinción da responsabilidade criminal, cabe estimar, en atención ás circunstancias, que os gastos de defensa non dimanen do exercicio das funcións propias do cargo, dado que non pode considerarse como tales aquelas que obxectivamente puidesen xerar responsabilidade criminal. (...)

No motivo primeiro, por infracción das normas do ordenamento xurídico aplicables para resolver a cuestión obxecto de litixio, alégase, en síntese, que a sentenza razoa indebidamente que se infrinxe o artigo 75 da Lei de Bases de Réxime Local. Os Alcaldes e Concelleiros -arguméntase- teñen o mesmo dereito de asistencia xurídica que o recoñecido polo Concello Pleno ao resto de traballadores polas reclamacións que se lles poidan expor no lexítimo exercicio dos seus cargos. (...) Este motivo debe ser estimado.

No caso obxecto do presente proceso advírtese que concorren as circunstancias que consideramos esixibles para que os gastos de representación e defensa nun proceso penal dos cargos públicos municipais poidan considerarse como indemnizables pola Corporación."

Sobre este mesmo tema tamén cabe citar a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22/12/2003 que desestima o recurso contra o acordo de abono de gastos de defensa penal e aplica mesma normas e xurisprudencia do Tribunal Supremo. Igualmente, Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 27/11/2013, Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de 12/02/2010, 1217/2003, do 24 de outubro e 331/2010, do 12 de febreiro. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña 716/2002, do 22 de novembro e Sentenzas do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Santander, 53/2015, do 23 de marzo de 2015, Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº1 de Logroño, Sentenza 200/2018, do 5 xullo de 2018 ou a Sentenza do Xulgado nº 4 de Valladolid do 24 de xaneiro do 2018.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A Sentenza da Sala do contencioso-administrativo de Sevilla do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía do 8 de xuño de 2006 afirmou que “non estamos ante unha indemnización derivada dunha responsabilidade patrimonial como expón o letrado da administración, nin ante unha axuda pública derivada da acción de fomento, senón ante o recoñecemento dun dereito de defensa xurídica solicitado polo funcionario (...) o que acepta a Administración na Orde impugnada é que dada a urxente necesidade, o funcionario contrate a un avogado e procurador para despois abonar os seus servizos dando contido así ao dereito dos funcionarios á defensa xurídica. Este dereito individual e estatutario (artigo 14 f) da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público) non admite as limitacións e condicións impostas na Orde, anuladas en sentenza”.

A Sentenza nº 244/2021, de data 16/06/2021, da Audiencia Provincial da Coruña (Sección 1ª), Procedemento Abreviado 13/2020, pola que se absolve ao Sr. Manuel Regos Boquete, sinala que as irregularidades denunciadas na vía penal, nos expedientes administrativos de actividade, non integran a figura do delito de prevaricación, que as resolucións ditadas nos expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionadores, non son arbitrarias a sabendas da súa inxustiza. Non se da unha absoluta inactividade do Alcalde para neutralizar toda a problemática que ocasionaba o ocio nocturno. Finaliza sinalando. Que pola aplicación do principio in dubio pro reo, na causa, pouco pode darse por probado en punto a declarar a relevancia penal da conduta que se imputa ao acusado.

Por todo elo, considerados os argumentos anteriores, e de conformidade cos antecedentes de feito e fundamentos de dereito examinados, propónse ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Declarar o dereito de Manuel Regos Boquete a ser indemnizado por importe total de 7.966,70 euros en concepto dos gastos de defensa e asistencia xurídica ocasionados nos procedementos: Procedemento Abreviado nº 355/2015 (Dilixencias previas nº 355/2015) perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Ordes por presunto un delito continuado de prevaricación administrativa do artigo 404 do Código Penal, transformado posteriormente en Procedemento Abreviado nº 13/2020, e perante a Audiencia Provincial da Coruña (Sección 1ª), ocasionados polo exercicio do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Ordes, ao ter a consideración de gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo ex art. 75.4 da Lei 7/1985, de 2 de Abril (LBRL).

SEGUNDO: Autorizar, comprometer e recoñecer o gasto total de 7.966,70 euros con cargo á partida orzamentaria **920.226.04 (exercicio 2022)**, en concepto de indemnización por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo.

TERCEIRO: Pola Tesourería municipal realizárase unha transferencia bancaria á conta designada polo Sr. Manuel Regos Boquete, polo importe total de **7.966,70 euros (SETE MIL NOVECENTOS SESENTA E SEIS CON SETENTA EUROS)**.

E canto teño a ben informar, sometendo as opinións xurídicas contidas no informe a outras mellor fundadas en dereito”.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 28/03/2022.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que vendo o informe técnico, o informe xurídico, ven que se lle debe indemnizar estes cartos. Matizar que foi absolto.

Intervén a Sra. Berdomás García, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non teñen nada que matizar. Se o tribunal o dixo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que neste punto como ben se di trátase dun proceso xudicial que era en razón ás licenzas de ocio nocturno. No que a acusación acusaba dun presunto delito de prevaricación continuada administrativa. O que reclama o Sr. Regos neste caso son os gastos da súa defensa xurídica por actuacións derivadas do exercicio do seu cargo público. Neste caso a Alcaldía do Concello de Ordes. Reclama uns gastos de 7.996 euros. Hai unha sentenza firme que absolve ao Sr. Regos, aplicando o principio in dubio pro reo, en caso de dúbida a favor do acusado. Danse as esixencias necesarias para ser indemnizado polos gastos ocasionados pola defensa xurídica motivada polo exercicio do seu cargo público. Evidentemente cada quen terá a súa opinión sobre o xeito de proceder de Manuel Regos durante o exercicio do seu cargo, máis hoxe non estamos a falar diso. Débense analizar obxectivamente se unha persoa ten dereito a ser indemnizada polos gastos ocasionados pola defensa xurídica debido a unha acusación cunha sentenza firme que foi absolutoria. Acusación que se refire ao desempeño do cargo para o cal foi elixido. Debemos deixar a un lado as opinións que poida ter cada quen sobre a maneira de exercer o cargo de Alcalde polo Sr. Regos, por que por moi lexítimas que poidan ser se se denega o dereito a ser indemnizado cando se cumpren as esixencias legais estaríamos actuando dunha maneira que se podería considerar arbitraria. Polo tanto non se van a opoñer a que o Sr. Regos sexa indemnizado neste caso polos gastos de defensa xurídica.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de doce votos a favor (8 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Declarar o dereito de Manuel Regos Boquete a ser indemnizado por importe total de 7.966,70 euros en concepto dos gastos de defensa e asistencia xurídica ocasionados nos procedementos: Procedemento Abreviado nº 355/2015 (Dilixencias previas nº 355/2015) perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Ordes por presunto un delito continuado de prevaricación administrativa do artigo 404 do Código Penal, transformado posteriormente en Procedemento Abreviado nº 13/2020, e perante a Audiencia Provincial da Coruña (Sección 1ª), ocasionados polo exercicio do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Ordes, ao ter a consideración de gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo ex art. 75.4 da Lei 7/1985, de 2 de Abril (LBRL).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

2º.- Autorizar, comprometer e recoñecer o gasto total de 7.966,70 euros con cargo á partida orzamentaria **920.226.04 (exercicio 2022)**, en concepto de indemnización por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo.

3º.- Pola Tesourería municipal realizarase unha transferencia bancaria á conta designada polo Sr. Manuel Regos Boquete, polo importe total de **7.966,70 euros (SETE MIL NOVECENTOS SESENTA E SEIS CON SETENTA EUROS)**.

5. APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1P SC/2022.

Expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos 1P SC/2022.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 28/03/2022.

Visto o Informe de Intervención.

Visto o Informe de intervención sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van por obxección, o seu voto non vai a ser desfavorable, teñen maioría. Están de acordo coa ampliación da residencia, si que o ven ben.

Intervén a Sra. Berdomás García, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que todas as obras que se fagan polo ben dos veciños, e sobre todo polo ben dos nosos maiores, sempre terán o seu voto a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tal e como manifestaron no mes de febreiro cando lle preguntaron ao alcalde cal era a cantidade do remanente de tesourería que dispoñía para este tipo de actuacións. Respostouse que aínda non estaba calculada a cantidade para gastar en investimentos. Hoxe coñecemos que é de 1.924.000 euros. Tal é como indicaron en setembro de 2021 prorrogouse a suspensión das regras fiscais tamén para este ano 2022 que limitaban en gran medida a utilización dos remanentes que os concellos tiñan depositados en contas bancarias polo que é a hora de facer investimentos e intentar solucionar cantas máis carencias da veciñanza mellor. Van a votar neste caso favorablemente ao uso dos remanentes para investimentos pero aproveitamos tamén a ocasión para lembrarlle ao goberno municipal que existen máis carencias da veciñanza como pode ser a cuberta do Museo do Traxe que está completamente desfeita, presenta tellas rotas, incluso é un risco de que poidan caer á vía pública. Consideran que debería facerse unha limpeza un pouco da fachada para dotala dun maior decoro. Abastecemento, novamente o volven a reiterar, cara o Canedo. Abastecementos en parroquias como Beán, Barbeiros, Vilamaior, Mercurín, Lesta, Parada, Pereira, Buscás que practicamente carecen de redes municipais de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

abastecemento. En Ordes levamos moito retraso mirando outros concellos da nosa contorna. Recuperar tamén os terreos do campo de fútbol de Mesón do Vento. Recuperar a parcela de equipamento social do parque empresarial de Merelle que incomprensiblemente se atopa en mans privadas cando debería ser municipal, ten un uso dotacional. Dotación de alumeadado público nas sendas peonís para que poidan ser utilizadas nunhas axeitadas condicións de seguridade. Tamén vimos observando que a pista principal de Buscás empeza a ter falta dun importante repaso, que xa amosa síntomas dun importante deterioro en varias zonas. Van a votar favorablemente o uso destes recursos e lembrar un pouco estas carencias que notamos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que carencias hai moitas. A día de hoxe teñen feito valoracións das distintas concellerías delegadas que superan amplamente os dezasete millóns de euros. Non dispoñen desas cantidades. Xa llo dixo en varias ocasións, o abastecemento do Canedo está en supervisión en Augas de Galicia, nos orzamentos de 2022 vai a ir a aportación do 20% da partida municipal. Abastecemento e saneamento para o Canedo. En relación ao campo de fútbol do Mesón hai que esperar a que saia a poxa. A parcela de uso dotacional no parque empresarial de Merelle, está en mans privadas, non están disposto a vender, pódese facer unha oferta e ver o que acontece. A parcela de uso deportivo do parque empresarial de Merelle ten unha serie de carencias, xa se elaborou un informe para tratar de darlle forma á xestión dos residuos canto antes. Os alumeados das sendas peonís están estudados e analizados haberá actuacións ao respecto con cargo aos orzamentos do ano 2022. Coñecen o estado das cubertas dos edificios municipais, hai que ir priorizando as accións e actuacións en cada un deles. Os pequenos desperfectos da pista principal de Buscás van a cubrirse cun rebacheo, como noutras pistas que foron inicialmente aglomeradas fai bastantes anos e nas que pouco a pouco se irán metendo unhas capas novas de reafirmado e nalgún caso con melloras no sobreancho. Como se vai actuar no día de hoxe na principal de Barbeiros, Vilamaior, a que vai de Carballedo á Rúa que se vai a incluír no POS+ Adicional 2022. Todas estas actuacións son reais, agora hai que ir conseguindo financiación para cada unha delas con fondos propios ou coa colaboración doutras administracións. Sigue agardando a aprobación pola Deputación a ansiada actuación de mellora do acceso ao núcleo principal da Calle en Poulo xa presentado fai anos, a senda peonil en Parada ata a estación da Pontraga, proxecto xa presentado e valorada, que permitiría facer a ampliación dos servizos de abastecemento e saneamento á parroquia de Parada, o desdoblamento da senda peonil na Brea nunha vía provincial. Espera que a Deputación cumpra con Ordes como está a cumprir cos concellos da súa cor política. Agarda que este ano se poida levar a cabo a humanización da rúa Coruña, consignarán máis do 20% nos orzamentos municipais e pequenas actuacións en núcleos do noso termo municipal. Non esquecer as necesidades da N-500, agarda que o Ministerio de Fomento teña a ven acometer as necesidades demandas con informes da policía local das vías de servizo que presentan un estado lamentable en moitos casos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que novamente sinala que todas as obras son necesarias, especialmente a da residencia. A súa ampliación é algo que hai que realizar, todo o que sexa polo ben dos nosos maiores benvido sexa.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de doce votos a favor (8 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario-suplemento de crédito 1P SC/2022, do orzamento municipal 2022, de acordo co seguinte detalle:

Orzamento de gastos				
Partida de gastos	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Créditos finais
1532.609.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	30.713,73	355.325,36	386.039,09
1532.619.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	2.041.858,29	1.084.342,16	3.126.200,45
933.600.00	Xestión do patrimonio. Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral en terreos	10.728,70	292.310,00	303.038,70
933.632.00	Xestión do patrimonio. Investimento de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos en Edificios e outras construcións	114.520,43	192.465,19	306.985,62
	Totais	2.197.821,15	1.924.442,71	4.122.263,86

Orzamento de ingresos				
Partida de ingresos	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Previsións finais
870.00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.492.841,52	1.924.442,71	3.417.284,23

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo dispoñen aos arts. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2022, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

7. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Galicia, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos afrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galicia no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos)

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galicia agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno da Corporación Municipal esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.

2.- Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

3.- Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

4.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

5.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a protección do sector agrogandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

6.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.

7.- Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galicia a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8.- Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9.- Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10.- Demandar da Xunta de Galicia o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de doce votos a favor (8 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo coas demandas pero é certo que estamos a vivir unha situación bastante complicada. Acabamos de vir de dous anos de pandemia onde houbo moitos gastos. As demandas, para facer todos estes cambios que propón o BNG nos non estamos capacitados. Para isto hai que ter datos, entender minimamente de economía, son moitas as demandas que se expoñen para que non poñan en risco a estabilidade do país. Están totalmente de acordo con isto. Podíase solicitar o seu estudo.

Intervén a Sra. Berdomás García, en representación do grupo político PSdeG.PSOE, que sinala que aínda que basicamente están de acordo en que están nunha crise enerxética, alimentaria e que sobre todo a van a pagar as clases máis



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

desfavorecidas. Para eles baixar os impostos non é a solución, hai moitos servizos que teñen que pagar, e moitos destes servizos son os que benefician aos máis vulnerables. Hai que recordar que o 58% dos impostos sobre a electricidade veñen para a Xunta de Galicia, para as comunidades autónomas, así como o 100% dos impostos sobre os carburantes. Tendo en conta isto hai que redistribuír estes impostos en beneficio das clase máis afectadas. Esquecen que foi o goberno central o que aplica a suba das pensións ligadas ao IPC. Non é suficiente pero é mellor que nada. Piden eliminar as peaxes temporalmente para todos, pero non sería mellor eliminalas para os máis afectados que son os que están traballando como autónomos e transportistas. Hai que evitar vender a perdas pero non sería mellor regular o mercado de intermediarios. Non pode ser que un gandeiro reciba por un litro de leite 32 céntimos cando ao consumidor lle custa 96, hai aí un beneficio do dobre que van a parar a alguén que non fixo nada máis que distribuír ese produto. No paquete de accións comunicadas polo goberno central sobre a vivenda regúlase o incremento do prezo do aluguer nun 2%, sempre é mellor que non suba, pero a vivenda é un ben privado. O ideal sería ter vivenda pública de aluguer. O goberno está aplicar un paquete de axudas de 16.000 millóns, dos cales 10.000 millóns van destinados as pemes para o mantemento dos postos de traballo xa que por primeira vez se liga a obtención de axudas a que non se poidan despedir. Auméntase o bono social eléctrico e o bono social do gas. Subiuse o salario mínimo. Cunha inflación do 9,8% son necesarios 12.000 millóns máis para pagar as pensións. Xa sabemos que non estamos na mellor das situacións. Baixar impostos non é o ideal. Vai a parafrasear ao Sr. Alcalde que dixo unha vez que non se podían baixar impostos e querer gastar máis por outro por que as contas non saen. Pensan que o que hai que facer é redistribuír estes cartos e beneficiar aos que máis o precisan. Recordarlle ao BNG o peche da oficina en Mesón do Vento de Abanca, que levou o PSOE ao Parlamento de Galicia, a resposta da Xunta foi dar unha subvención de 3.400 millóns de euros para que se mantiveran os caixeiros. A base non está na baixada de impostos, está en redistribuílos e que non sexa sempre o máis débil o que pague as crises.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que están todos de acordo en que a grave situación que se está a vivir en Europa produce un especial impacto no tecido produtivo e en especial nas familias. Estase a facer fronte a unha escalada sen precedentes nos prezos da enerxía e a escaseza de materias primas. A situación é preocupante. Todos os gobernos deberían reaccionar de forma áxil. Moitas familias están angustiadas. Non ven futuro moito máis alá. É certo que a invasión de Ucraína está a agravar a situación, pero tamén é certo que España leva anos sufrindo un encarecemento progresivo da enerxía. O prezo da electricidade multiplicouse por cinco dende o ano 2018. Para as familias, sector primario e industria isto é demoledor. A inflación non chegou o mes pasado, pechouse o 2021 cun 6,5%, a maior dos derradeiros trinta anos. Sube mes a mes. Hai unha crise de subministración de materias primas. Claro que é necesario que o goberno tome decisións. O que estraña ao PP é que o goberno da nación tarde en tomar decisións. Espera que Europa solucione o problema cando todos os goberno da Unión Europea xa tomaron decisións, e España decidiu que a partir do 29 de marzo. Galicia non fixo iso. Non está de acordo coas exposición de motivos cando se di que dende a Xunta de Galicia se toman decisións contrarias aos nosos intereses. Tampouco está de acordo cando di que a Xunta de Galicia segue cos brazos cruzados. O 17 de marzo o Consello da Xunta aprobou un plan de choque autonómico e nesta semana 21 ao 27 de marzo as novas liña de actuación da Xunta de Galicia. O 50% ou 100% deses



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

impostos non veñen a Galicia, irán a Cataluña, que para iso lles votan que si a todo o que queren. Que lle diga que case un tercio do orzamento da Xunta de Galicia foi para pagar os caixeiros de Abanca. Delle unha volta aos números. A situación é a que é, complicada. Presenta unha emenda á proposta de acordos para que se tome en consideración, que sería: O Concello de Ordes insta ao goberno de España para que faga efectivo o compromiso asumido na Declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo 2022 e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína, e entre elas as seguintes: A. Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo. B. Medias específicas para os sectores máis afectados, transporte, industria electrointensiva, pesca, agrogandería e turismo. C. Rectificar a política enerxética bruta que se ven levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta. D. Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías, que suporían novas cargas para as familias e sectores produtivos esenciais. 2. O Concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a analizar cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína, transporte, industria electrointensiva, pesca, agrogandería, turismo, etc., e en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsion pola Unión Europea e polo goberno de España a por en marcha aquelas medidas necesarias non ámbito das súas competencias coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que evidentemente non están a pedir única e exclusivamente unha baixada de impostos, é redistribuílos, así o nomean no punto sexto. Non están a falar so de baixar impostos e aumentar o gasto. Se se reducen ingresos non podes gastar máis. O que si propoñen é que os produtos básicos, de necesidade, alimentación, produtos do mar, hixiene persoal, transporte público, electricidade e gas, é necesario. Tamén propoñen outras medidas. Vivendas da SAREB é unha entidade do Estado, hai 2735 vivendas que poden ser transferidas á Xunta para ser destinadas a vivendas sociais. Unha tarifa eléctrica galega. Non ten sentido que esteamos padecendo as consecuencias de ter veletos a escasos metros das nosas vivendas e limitacións de usos nas nosas parcelas impostas por esas infraestruturas, e non nos beneficiamos en absoluto. Tamén afecta as nosas industrias. A proposta do PP está ben, pero obvian algo que entende fundamental que é que o Goberno ten que facer unha intervención inmediata no sector enerxético, aínda que non lle guste por que son liberais. O liberalismo levounos a isto precisamente. Ninguén entende que o 99% da enerxía xerada veña da hidráulica, eólica e nuclear, cuxo custe é barato e sexa o gas o que fixa o prezo. Hai que mudar o sistema. Non podemos estar a engordas os beneficios das multinacionais desta maneira. Non están a propoñer esa solución. Insisten en que se pode estar ou non de acordo coas propostas de cada un. Manteñen os acordos que propoñen, si que se debe actuar. Débese intervir no sector enerxético. Non ten sentido que esteamos a pagar prezos desorbitados canto temos aquí a produción da enerxía eléctrica.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo co que pide o BNG. É certo que no sector eléctrico hai que tomar medidas. Vivimos unha situación moi difícil e hai que pensar na estabilidade económica do país. Non somos economistas. Non teñen os datos suficientes para saber si isto se pode realizar ou non. Ven ben que se pida que se estuden estas propostas. Van a votar a favor.

Intervén a Sra. Berdomás García, en representación do grupo político PSdeG.PSOE, que sinala que o que non se pode é querer Europa para unhas cousas e para o que non nos interese deixala de lado. Hai unhas normas que cumprir, uns requisitos que piden. O goberno central está a negociar a baixada da factura da luz, así como a chegada do gaseoducto que pasee dos Pirineos para non depender do gas ruso. Recordarlle ao BNG que non foi o PSOE o que implantou o imposto ao sol, nin á produción eléctrica. Queremos baixar impostos, se se pode. Que hai que redistribuír o gasto para beneficiar aos que máis van a sufrir nesta crise, por suposto. Que hai que pedir esas vivendas a Xunta para que se poidan utilizar para vivendas sociais, perfecto. Todo o que sexa mellorar a vida dos galegos nos terán ao seu lado. Moitos dos custes que están asumindo os sectores gandeiro e o pesqueiro é un custe para todos. Hai que intervir os mercados controlando os beneficios que teñen os intermediarios. A maior ganancia que se lle dea ao gandeiro a vai a pagar o consumidor. Hai que asegurar que esa maior ganancia non a pague o consumidor.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que visto que non aceptan a emenda á totalidade á proposta de acordo. As medidas adoptadas pola Xunta de Galicia respecto do que están a reclamar. É necesario que o goberno de España estableza un mecanismo que dea estabilidade ao prezo da enerxía eléctrica. Estender ata final de ano as seguintes medidas fiscais, a suspensión do imposto sobre a xeración do 7%, redución do imposto especial eléctrico do 5,11% ao mínimo legal do 0,5%. Elevar á Unión Europea unha consulta para reducir de xeito análogo o IVE aos hidrocarburos para situalo tamén neste exercicio no tipo reducido ou super-reducido ou ben establecer axudas para o consumo. Reducir de forma inmediata o imposto especial aos hidrocarburos aos tipos mínimos establecidos na Directiva europea. Instar á Unión Europea a que con carácter excepcional e transitorio acorde a suspensión temporal destes tipos mínimos para así limitar de xeito significativo o impacto deste imposto no prezo final do gas e dos carburantes. Estudar a posibilidade de establecer un mecanismo para dar estabilidade no prezo eléctrico ás familias. Baixada selectiva do ive para os produtos do mar. Rebaixa nas peaxes das autoestradas de titularidade autonómica. Somos a cuarta comunidade autónoma co prezo máis baixo. Dende o 2010 veñen aplicando bonificacións. Dende mediados do ano pasado bonifícase o 100% da viaxe de volta. Reducíronse as tarifas da ITV para transportistas e particulares. A suba do IPC a asumiu a Xunta de Galicia. No plan de axudas dirixidas a autónomos e profesionais a Xunta anunciou que dará liquidez a través de liñas de financiamento de circulante. Na pesca artellouse unha subvención que sirva como compensación aos profesionais do pago de dous meses das taxas portuarias susceptibles de ampliarse en caso de persistir a situación de escalada de prezos. A Xunta instou ao goberno a que actúe sobre o prezo dos carburantes e se solicite á Unión Europea unha redución excepcional do imposto de hidrocarburos e do ive que grava a gasolina e o gasóleo. No tramo autonómico do IRPF somos a cuarta autonomía coas bases liquidables máis baixas con ingresos ata 20.200 euros. Hai un plan de choque autonómico para as familias vulnerables co bono social térmico. A



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

tarxeta básica da Xunta de Galicia segue aí, que se vai aplicar agora aos ucráinos con asilo en España. Coñece os programas de bono ao aluguer da Xunta de Galicia. As axudas á vivenda para menores de 35 anos. Ten un grande descoñecemento dos recursos que ten a Xunta de Galicia para as familias máis vulnerables. As partidas de igualdade estanse a incrementar exponencialmente todos os anos. Non poden apoiar esta proposta de acordo, aínda que están de acordo en que hai que traballar e tomar medidas. A Xunta é responsable e está a tomar medidas. Pensa que o Goberno tamén está a intentar medidas. A súa proposta de acordos é un programa electoral do BNG. Gústalle falar de intervencionismo, que non é máis que unha doutrina política que defende a intervención do Estado nos asuntos económicos e sociais, diminuindo a autonomía dos suxeitos ou do ámbito afectado. Intervencionismo é o que fai Putin en Ucraína e é razón pola que estamos aquí a debater este problema. Con esta proposta de acordos non poden apoiar esta moción.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de oito votos en contra (8 grupo político PP), tres votos a favor (1 grupo político BNG, Sr. Iglesias Vieites e Sr. Ribadas Gómez) e coas abstencións (1 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, en representación do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

Os bens do patrimonio cultural de Galicia, aos que fai referencia o artigo 1.2 ("O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo”), poderán ser declarados de interese cultural ou catalogados.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Unha relación de bens do concello de Ordes declarados como de interese cultural ou catalogados.

Intervén a Sra. Berdomás, que sinala que xa se fixo chegar o catálogo. Agradece a rapidez.

- Logo de ver o mal estado dalgunhas marquesiñas (nas fotos aparecen as do Paseo Iván Raña e a das Casillas).

Solicitamos ao señor Alcalde:

A reparación e/ou substitución dos elementos deteriorados

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están contratadas dende o 22/02/2022.

- Debido as queixas recibidas polos veciños da Calle de Poulo polo mal estado da estrada de acceso á Calle (DP-5905) no tramo inicial de dita estrada xa que se atopa invadida pola follaxe (que fai que aumente o risco de accidente xa que os vehículos esvaran ó frear), ó que hai que engadir o marcado peralte da curva, alterado polas raíces das árbores que fan o firme irregular.

Tendo en conta de que se trata do principal acceso á Calle de Poulo e que é moi utilizada polos peóns, que non ten apenas beiravía polo que camiñar ó que hai que engadir que é transitada pon asiduidade por un veciño en cadeira de rodas para os seus desprazamentos á vila.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que os servizos de limpeza encargados de manter en bo estado o carril peonil que vai a Poulo realicen tarefas de limpeza periódica dos da beiravía e do follaxe de dito tramo da DP-5905.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ese follaxe está directamente na plataforma da DP-5905, é unha competencia da Deputación provincial, daranlle traslado. Hai un proxecto para humanizar dende a Ponte ata á Rúa, todo o vial da DP-5905 e o núcleo da Calle. Pide que a Deputación mostre interese en que se leve a cabo este proxecto.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que xa o saben. É certo que cando se acumula moita follaxe, intentando pasar dous vehículos en dirección contraria é imposible. É so ese tramo, nos primeiros 100 m. Hai que insistirle á Deputación

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a Deputación ten un compromiso con este goberno, que executen ese vial e reverta á titularidade municipal, teñen unha vía alternativa xa executada fai anos. Pídelles como grupo que teñen a Presidencia da Deputación que executen a actuación e a continuación o concello farase cargo do vial. O proxecto alí presentado é bo para Calle, que se adecente e humanice dunha vez por todas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No ano 2019, investíronse 44.400 € no acondicionamento do antigo local da cruz vermella en Queirúa, para destinala a vivenda de alugueiro social.

Logo de case tres anos, non temos constancia de que a vivenda fose utilizada en ningún momento para alugueiro reducido a unidades familiares con necesidades especiais, polo que non se está a cumprir a finalidade da subvención recibida para acometer as actuacións, onde obriga a destinala a alugueiro social durante un período mínimo de 15 anos.

Estamos a vivir un momento no que se están producindo conflitos bélicos que nos que moitas persoas refuxiadas foxen dos seus países, como poden ser a guerra en Ucraína, as múltiples guerras no continente Africano (entre as que se atopan o conflito do Sahara Occidental, insurxencias no Chad, conflito de Etiopía e Sudán, a guerra de Birmania...), etc.

Esta situación require que as administracións públicas oferten un maior número de prazas de acollida a persoas refuxiadas de guerra.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A propoñer á Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda, empregar a vivenda rehabilitada no antigo local da Cruz Vermella de Ordes, para o seu uso como vivenda para persoas refuxiadas nos anos 2022 e 2023, podendo prorrogarse en caso de ser preciso e de mutuo acordo por ambas partes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está disposición dende que a Fegamp e a Consellería remitiron a enquisa de posta a disposición de espazos como lugares de acollida.

- Na estrada que enlaza o núcleo da Estación co núcleo do Castro na parroquia de Santa Mariña de Parada, existe unha acumulación de materiais soltos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

procedentes da pista da concentración parcelaria que acomete á citada estrada próxima á ponte que permite o paso baixo o trazado da vía do tren.

Tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan, a acumulación ten unha considerable entidade e sitúase nun tramo en curva, o que supón un perigo para a circulación que pode derivar nun accidente.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coas labores de limpeza e mantemento necesarias na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se tome en consideración. Actuarase á maior brevidade.

- As vías de servizo da estrada N-550 ao seu paso pola parroquia de Santa Cruz de Montaos, presentan un mal estado de conservación, tal e como pode apreciarse nas fotografías que achegamos xunto ao presente rogo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Demandar ao “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” a que proceda á pavimentación das vías de servizo da estrada N-550 ao seu paso pola parroquia de Santa Cruz de Montaos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se solicitou en diversas ocasións con informes da policía local. Conseguiuse no remate de 2021 o arranxo dun tramo nas Casillas e Leira. Pendentes outros moitos, non so o de Montaos. A derradeira petición de Montaos foi o 23/02/2022, fixeron un pequeno rebacheo. Precias unha solución integral, o rebacheo non resolve o problema.

- Os xogos do parque municipal “Félix Rodríguez de la Fuente”, presentan deficiente estado de conservación, tal e como se pode apreciar nas fotografías que se achegan xunto ao presente rogo.

No citado parque podémonos atopar con xogos precintados, outros que foron xa retirados e os que quedan, amosan un acusado de deterioro.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Acometer de xeito urxente, as operacións necesarias para a axeitada conservación, ou reposición de ser o caso, dos xogos existentes no parque municipal “Félix Rodríguez de la Fuente”.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa dende o pasado día 22 ou 23, a raíz duns actos vandálicos de fin de semana se danaron considerablemente tres xogos do



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

parque infantil que houbo que retirar. Estase a proceder á súa reparación, petición de pezas, para a súa reposición. Hai un xogo precintado por que era moi difícil de desmontar. Hai un xogo que non se vai a poder repoñer, vai a substituírse por un novo, estase a mirar. Pide que cando se vexan actos vandálicos se avise ás forzas e corpos de seguridade do estado. Hai pezas de madeira danadas polo tempo en tobogáns e columbios que se van a substituír.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a pregunta seguinte:

- Dado a expansión da avespa velutina na nosa comarca e ca posta en marcha de campañas para o control desta praga tan daniña para a produción apícola e de froita ,os danos por picaduras e a formación de niños en zonas urbanas .

Sabendo que esta especie é tan prolifera (ata 500 novas raíñas por niño), que a actuación nesta época do ano, entre febreiro e abril, as novas raíñas emerxen do chan para formar niños primarios, e tendo en conta o inicio de campañas de trampeo para combater a súa expansión en concellos limítrofes .

Preguntamos ao señor Alcalde:

¿Hai algunha campaña de trampeo dirixida desde o concello?.

De habela, ¿cal e a canle para un particular para solicitar a colocación de ditas trampas?.

¿Como e quen xestiona dita campaña?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que máis aló das campañas que se fan dende o Distrito 3 que temos en Ordes. Está previsto a convocatoria dunha reunión polo concelleiro delegado do Medio Rural con apicultores para a colocación de ditas trampas, no que expertos aplicultores explicarán as mellores condicións para a súa colocación. Asistencia é libre. A partir de aí veranse os resultados.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- Recentemente, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ven de manifestar que na estrada AC-409, entre os puntos quilométricos 6+900 e 7+800 (correspondentes ao tramo que pasa polos núcleos de Vilasenín e da Bailía):



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

“As características da vía non mostran condicións que fagan necesario reducir a súa velocidade máxima”.

Lembramos que nestes núcleos de poboación o límite de velocidade está establecido en 90 Qm/h, existindo na zona un trazado en curva onde xa se produciron varios accidentes.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Cantos accidentes se produciron na estrada AC-409 entre a rotonda da Bailía e o límite do concello de Ordes desde que a Xunta de Galiza asumiu a súa titularidade no ano 2016?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este tipo de preguntas hai que pedirllas á AXI. No día de onte remitiuse a consulta. Aínda non se lles deu a contestación, cando a teñan faranlla saber. Pedíronlle á policía local as intervencións que teñen constancia no lugar. O informe di que foron 13 actuación 03/05/2016 ao 13/12/2021, das cales teñen coñecemento, puido haber máis actuacións. Actuación 2016, dentro deste tramo un vehículo sofre danos por un bache. 05/07/2017 saída de vía p.q. 8, fora deste tramo. 02/01/2018 saída de vía tamén no p.q. 8. 13/04/2018 saída de vía tamén no p.q. 8. 03/05/2018 saída de vía tamén no p.q. 8. Ao remate deste ano procedeuse a unha capa de slurri na zona do p.q. 8, que parece que resolveu esas frecuentes saídas de vía. 10/10/2018 atropelo dun xabarin, p.q. 7+100. 16/08/2020 saída de vía no p.q. 8. 04/10/2020 colisión de un camión e un turismo na propia rotonda. 01/03/2021 accidente no límite do termo municipal. 06/06/2021 atropelo dun xabarin no p.q. 7+900. 07/12/2021 saída dun vehículo articulado na rotonda de inicio do desvío a Gesuga e Areosa. 12/12/2021 accidente con tres vehículos implicados no p.q. 8. 12/12/2021 atropelo de xabarin p.q. 7+100. A sinalización vertical de velocidade no p.q. 7 dirección Cerceda 90 Qm/h, no p.q. 9 sentido Ordes é de 50 Qm/h. Nas saídas de vía no p.q. 8 hai unha curva.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e cincuenta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias